A presente Directiva referirase á calidade de augas para cría de moluscos e aplicarase ás augas costeiras e ás augas salobres declaradas polos Estados membros que requiran unha protección ou mellora para permitir a vida e o crecemento dos moluscos (bivalvos e gasterópodos) e para contribuír desta forma á boa calidade dos moluscos directamente comestibles polo home.

ENERXÍA

Directiva 2009/28/CE do Parlamento Europeo e do Consello, de 23 de abril de 2009, relativa ao fomento do uso de enerxía procedente de fontes renovables.

Establece un marco común para o fomento da enerxía procedente de fontes renovables, fixa obxectivos nacionais obrigatorios en relación coa cota procedente de fontes renovables, establece normas relativas ás transferencias

estadísticas entre Estados membros e define criterios de sustentabilidade para os biocombustibles e biolíquidos.

Directiva 2006/32/CE do Parlamento Europeo e do Consello, de 5 de abril de 2006, sobre a eficiencia do uso final da enerxía e os servizos enerxéticos. *A finalidade desta Directiva é fomentar o uso final rendible e eficiente da enerxía.*

Directiva 2004/8/CE do Parlamento Europeo e do Consello, de 11 de febreiro de 2004, relativa ao fomento da coxeración sobre a base da demanda de calor útil no mercado interior da enerxía.

A presente Directiva propónse facilitar a instalación e a posta en marcha de centrais eléctricas de coxeración, técnica que permite producir nun único proceso calor e electricidade, co fin de economizar enerxía e loitar contra o cambio climático.

Directiva 2002/91/CE do Parlamento Europeo e do Consello, de 16 de decembro de 2002, relativa ao rendemento enerxético dos edificios.

Os Estados membros deben aplicar requisitos mínimos en materia de rendemento enerxético dos edificios novos ou dos xa existentes, velar pola certificación do rendemento enerxético dos edificios e impor a inspección periódica das caldeiras e os sistemas de climatización nos edificios.

Directiva 2001/77/CE do Parlamento Europeo e do Consello, de 27 de setembro de 2001, relativa á promoción da electricidade xerada a partir de fontes de enerxía renovables no mercado interior de electricidade.

Norma europea que fomenta a contribución das enerxías renovables á xeración de electricidade no mercado interior da electricidade.

ATMOSFERA E CAMBIO CLIMÁTICO

Regulamento 1005/2009, da Unión Europea Sobre as substancias que esgotan a capa de ozono.

Trátase dunha actualización e revisión da normativa europea que regula o uso, produción e comercialización dunha lista de substancias que a comunidade científica ten comprobado que fan diminuír o ozono estratosférico.

Decisión 406/2009/CE do Parlamento Europeo e do Consello, de 23 de abril de 2009, sobre o esforzo dos Estados membros para reducir as súas emisións de gases de efecto invernadoiro co fin de cumprir os compromisos adquiridos pola Comunidade ata 2020.

Fixa a contribución mínima de cada Estado membro ao cumprimento do compromiso da Comunidade de redución das emisións de gases de efecto invernadoiro para o período comprendido entre os anos 2013 e 2020.

Directiva 2008/50/CE do Parlamento Europeo e do Consello de 21 de maio de 2008, relativa á calidade do aire ambiente e a unha atmosfera máis limpa en Europa.

Estabelece medidas para definir e establecer obxectivos de calidade do aire ambiente, avaliar a calidade do aire ambiente nos Estados membros e obter información a disposición do público sobre a calidade do aire ambiente.

Directiva 2002/49/CE do Parlamento Europeo e do Consello, de 25 de xuño de 2002, sobre avaliación e xestión do ruído ambiental.

Esta Directiva ten por obxectivo combater o ruído que percibe a poboación en zonas urbanizadas, en parques públicos ou outras zonas tranquilas nunha aglomeración, en zonas tranquilas en campo aberto, nas proximidades de centros escolares e nos arredores de hospitais, e noutros edificios e lugares vulnerables ao ruído.

Directiva 1999/30/CE do Consello, de 22 de abril de 1999, relativa aos valores límite de dióxido de xofre, dióxido de nitróxeno e óxidos de nitróxeno, partículas e chumbo no aire ambiente.

Estabelece valores límite e, no seu caso, limiares de alerta respecto dalgúns contaminantes específicos. Ademais, establece métodos e criterios comúns para avaliar as concentracións e reúne os datos adecuados respecto diso co fin de informar ao público.

Directiva 96/62/CE do Consello, de 27 de setembro de 1996, sobre avaliación e xestión da calidade do aire ambiente.

Esta Directiva marco establece os principios básicos dunha estratexia

común dirixida a definir e fixar obxectivos de calidade do aire ambiente co fin de evitar, previr ou reducir os efectos nocivos para a saúde humana e o medio, avaliar a calidade do aire ambiente nos Estados membros e informar o público, entre outras cousas mediante limiares de alerta, así como aumentar a calidade do aire cando non sexa satisfactoria.

CONTAMINACIÓN

Directiva 2008/1/CE do Parlamento Europeo e do Consello, de 15 de xaneiro de 2008, relativa á prevención e ao control integrados da contaminación.

Norma europea para a prevención e a redución integrada da contaminación de certas actividades (industria química, gandería intensiva, industria agroalimentaria, etc.), co fin de evitar ou, polo menos, reducir as súas emisións contaminantes á atmosfera, á auga ou ao solo.

RESIDUOS

Directiva 2006/12/CE do Parlamento Europeo e do Consello, de 5 de abril de 2006, relativa aos residuos. Directiva 2008/98/CE do Parlamento Europeo e do Consello, de 19 de novembro de 2008, sobre os residuos.

Normas europeas destinadas a protexer o medio e a saúde humana mediante a prevención ou a redución dos impactos adversos da xeración e xestión dos residuos, a redución dos impactos globais do uso dos recursos e a mellora da eficacia do seu uso.

Directiva 1999/31/CE do Consello, de 26 de abril de 1999, relativa á vertedura de residuos.

O obxectivo é establecer medidas, procedementos e orientacións para impedir ou reducir, na medida do posible, os efectos negativos no medio da vertedura de residuos, en particular a contaminación das augas superficiais, as augas subterráneas, o solo e o aire, e do ambiente mundial, incluído o efecto invernadoiro, así como calquera risco derivado para a saúde humana, durante todo o ciclo de vida do vertedoiro.

Directiva 94/62/CE do Parlamento Europeo e do Consello, de 20 de decembro de 1994, relativa aos envases e os seus residuos. Modificada pola Directiva 2004/12/CE e pola Directiva 2005/20/CE.

A Directiva aplícase a todos os envases existentes no mercado na Comunidade e a todos os residuos destes, tanto se son utilizados ou refugados polas industrias, comercios, oficinas, servizos, fogares, etc., con independencia dos materiais con que estean fabricados.

MARCO DE REFERENCIA NACIONAL

MEDIO E ORDENACIÓN DO TERRITORIO

Lei 6/2010, de 24 de marzo, de modificación do texto refundido da Lei de avaliación de impacto ambiental de proxectos, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 1/2008, de 11 de xaneiro (BOE n.º 73 de 25/3/2010).

Esta norma regula o procedemento de avaliación de impacto ambiental de proxectos, determinando o tipo de proxectos que han de someterse a avaliación e os termos dela.

Real Decreto Lexislativo 2/2008, de 20 de xuño, polo que se aproba o texto refundido da Lei do solo (BOE 26/6/2008).

Esta Lei establece o principio dun desenvolvemento territorial e urbano sostible, de xeito que as políticas públicas relativas á regulación, ordenación, ocupación, transformación e uso do solo teñen como fin común a utilización deste recurso conforme ao interese xeral e segundo o principio de desenvolvemento sostible.

Real Decreto Lexislativo 1/2008, de 11 de xaneiro, texto refundido da Lei de avaliación de impacto ambiental de proxectos (BOE n.º 23 de 26/1/2008).

Esta Lei ten por obxectivo establecer o réxime xurídico aplicable á avaliación de impacto ambiental de proxectos consistentes na realización de obras, instalacións ou calquera outra actividade comprendida nos seus anexos I e II, segundo os termos establecidos nela. Pretende asegurar a integración dos aspectos ambientais no proxecto de que se trate. A avaliación do impacto ambiental identificará, describirá e avaliará os efectos

directos e indirectos dun proxecto sobre os seguintes factores: o ser humano, a fauna e a flora, o solo, a auga, o aire, o clima e a paisaxe, os bens materiais e o patrimonio cultural e a interacción entre os factores mencionados anteriormente.

Lei 45/2007, do 13 de decembro, para o desenvolvemento sostible do medio rural (BOE 14/12/2007).

Lei cuxo obxectivo é levar a cabo un impulso de desenvolvemento nas zonas rurais, prioritariamente nas que padecen un grao maior de atraso relativo, e tomando en consideración aspectos económicos, sociais e ambientais do desenvolvemento.

Lei 26/2007, do 23 de outubro, de Responsabilidade medioambiental (BOE 24/10/2007). Real Decreto 2090/2008, do 22 de decembro, polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento parcial da Lei 26/2007, do 23 de outubro, de Responsabilidade medioambiental (BOE 23/12/2008).

Esta Lei regula a responsabilidade dos operadores de previr, evitar e reparar os danos ambientais, de conformidade co artigo 45 da Constitución e cos principios de prevención e de que “quen contamina paga”.

Real Decreto 899/2007, do 6 de xullo, polo que se aproba o Regulamento dos incentivos rexionais, de desenvolvemento da Lei 50/1985, do 27 de decembro (BOE 19/7/2007).

Regula as axudas financeiras que conceda o Estado para fomentar a actividade empresarial e orientar a súa localización cara a zonas previamente determinadas, co obxectivo de reducir as diferenzas de situación económica no territorio nacional, repartir máis equilibradamente as actividades económicas sobre el e reforzar o potencial de desenvolvemento endóxeno das rexións.

Lei 27/2006, do 18 de xullo, pola que se regulan os dereitos de acceso á información, de participación pública e de acceso á xustiza en materia de ambiente (incorpora as Directivas 2003/4/CE e 2003/35/CE) (BOE n.º 171 de 19/7/2006). *Esta Lei regula o acceso á información ambiental, a participación nos procedementos para a toma de decisións sobre asuntos que incidan directa ou indirectamente no ambiente e a revisión administrativa e xudicial dos actos*

e omisións imputables a calquera das autoridades públicas que supoñan vulneracións da normativa medioambiental.

Lei 9/2006, de 28 de abril, sobre avaliación dos efectos de determinados plans e programas no medio (BOE n.º 102 de 29/4/2006).

Esta Lei ten por obxectivo promover un desenvolvemento sostible, conseguir un elevado nivel de protección do medio e contribuír á integración dos aspectos ambientais na preparación e adopción de plans e programas, mediante a realización dunha avaliación ambiental daqueles que poidan ter efectos significativos sobre o medio. Por medio desta Lei incorpórase a Directiva 2001/42/CE.

Lei 38/1999, do 5 de novembro, de Ordenación da edificación (BOE 6/11/1999).

Esta Lei ten por obxectivo regular nos seus aspectos esenciais o proceso da edificación, establecendo as obrigas e responsabilidades dos axentes que interveñen no devandito proceso, así como as garantías necesarias para o seu axeitado desenvolvemento, co fin de asegurar a calidade mediante o cumprimento dos requisitos básicos dos edificios e a axeitada protección dos intereses dos usuarios.

Lei 27/1992, de 24 de novembro, de Portos do estado e da mariña mercante (BOE 25/11/1992).

É obxectivo desta Lei determinar e clasificar os portos que sexan competencia da Administración xeral do Estado e regular a planificación, construción, organización, xestión, réxime económico-financiero e policía deles.

Real Decreto Legislativo 1/92, de 26 de xuño, que aproba o texto refundido da Lei sobre o réxime do solo e ordenación urbana (BOE n.º 156 de 30/6/1992).

Real Decreto 1131/1988, de 30 de setembro, Regulamento de execución do Real Decreto Legislativo 1302/1986, de avaliación de impacto ambiental (BOE n.º 239 de 5/10/1988).

O presente Regulamento ten por obxectivo desenvolver os preceptos do Real Decreto Legislativo 1302/1986, de 28 de xuño, reguladores da obrigación de someter a unha avaliación de impacto ambiental os proxectos públicos ou

privados consistentes na realización de obras, instalacións ou de calquera outra actividade comprendida no anexo da disposición legislativa citada.

Lei 22/1988, de 28 de xullo, de Costas (BOE 29/7/1988). Real Decreto 1471/1989, de 1 de decembro polo que se aproba o Regulamento xeral para o desenvolvemento e execución da Lei 22/1988 de costas (BOE 12/12/1989; corrección de erros en BOE 23/1/1990).

O obxectivo principal será acadar un uso/desenvolvemento sostible dos recursos costeiros a través dunha xestión integral deles. Propúgnase a introdución dos principios medioambientais en todas as actividades sectoriais con incidencia na costa e o medio mariño. Entre estes principios destacan os de desenvolvemento sostible, prevención, precaución, restauración, reparto equitativo e xestión sostible dos recursos comúns, compatibilidade entre os diversos usos do espazo e prioridade das actividades dependentes do litoral.

NATUREZA, PAISAXE E PATRIMONIO

Real Decreto 1432/2008, de 29 de agosto, polo que se establecen medidas para a protección da avifauna contra a colisión e a electrocución en liñas eléctricas de alta tensión (BOE n.º 222 de 13/9/2008).

Ten por obxectivo establecer normas de carácter técnico de aplicación ás liñas eléctricas aéreas de alta tensión con condutores nus situadas nas zonas de protección definidas no artigo 4, co fin de reducir os riscos de electrocución e colisión para a avifauna, o que redundará á súa vez nunha mellor calidade do servizo de subministración.

Real Decreto 1424/2008, de 14 de agosto, polo que se determina a composición e as funcións da Comisión estatal para o patrimonio natural e a biodiversidade, se ditan as normas que regulan o seu funcionamento e se establecen os comités especializados adscritos a ela (BOE n.º 221 de 12/9/2008).

O obxectivo é determinar a composición e as funcións da Comisión estatal para o patrimonio natural e a biodiversidade, como órgano consultivo e de cooperación entre a Administración xeral do Estado e as comunidades

autónomas e cidades de Ceuta e Melilla, e establecer as normas que regulan o seu funcionamento.

Lei 42/2007, do 13 de decembro, do Patrimonio natural e da biodiversidade (BOE 14/12/2007).

Esta Lei establece o réxime xurídico básico da conservación, uso sostible, mellora e restauración do patrimonio natural e da biodiversidade, como parte do deber de conservar e do dereito a gozar dun medio axeitado para o desenvolvemento da persoa.

Lei 5/2007, do 3 de abril, da Rede de parques nacionais (BOE 4/4/2007).

Esta Lei ten por obxectivo establecer o réxime xurídico básico da Rede de parques nacionais, cuxos obxectivos se declaran de interese xeral do Estado.

Real Decreto 1421/2006, do 1 de decembro, polo que se modifica o Real Decreto 1997/1995, do 7 de decembro, polo que se establecen medidas para contribuír a garantir a biodiversidade mediante a conservación dos hábitats naturais e da flora e fauna silvestre (BOE 2/12/2006).

O obxectivo do presente Real Decreto é contribuír a garantir a biodiversidade no territorio en que se aplica a Directiva 92/43/CEE, mediante a adopción de medidas para a conservación dos hábitats naturais e da fauna e flora silvestres no territorio español.

Real Decreto 435/2004, de 12 marzo, que regula o Inventario nacional de zonas húmidas (BOE 25/3/2004).

Este Real Decreto ten por obxectivo regular o Inventario nacional de zonas húmidas, co fin de coñecer a súa evolución e, no seu caso, indicar as medidas de protección que deban recoller os plans hidrolóxicos de conca.

Lei 43/2003, do 21 de novembro, de Montes (BOE 22/11/2003), (modificada pola Lei 10/2006, do 28 de abril).

Esta Lei ten por obxectivo garantir a conservación e protección dos montes españois, promovendo a súa restauración, mellora, sustentabilidade e

aproveitamento racional, apoiándose na solidariedade colectiva e a cohesión territorial.

Real Decreto 1997/1995, de 7 de decembro, polo que se establecen medidas para contribuír a garantir a biodiversidade mediante a conservación dos hábitats naturais e da fauna e flora silvestres (BOE n.º 310 de 28/12/1995).

O seu obxectivo é contribuír a garantir a biodiversidade no territorio en que se aplica a Directiva 92/43/CEE, mediante a adopción de medidas para a conservación dos hábitats naturais e da fauna e flora silvestres no territorio español.

Lei 16/1985, do 25 de xuño, do Patrimonio histórico español (BOE 28/6/1985). Real Decreto 111/1986, do 10 de xaneiro, de desenvolvemento parcial da Lei 16/1985, do 25 de xuño, do Patrimonio histórico español (BOE 27/1/1986).

Establece o novo marco xurídico para a protección, acrecentamento e transmisión ás xeracións futuras do patrimonio histórico español.

Decreto 449/1973, do 22 de febreiro, polo que se colocan baixo a protección do Estado os “hórreos” ou “cabazos” antigos existentes en Galicia e Asturias.

Decreto 571/1963, do 14 de marzo, sobre protección dos escudos, emblemas, pedras heráldicas, rolos de xustiza, cruces de termo e pezas similares de interese histórico-artístico.

Decreto do 22 de abril de 1949 sobre os Castelos españois.

CICLO HÍDRICO E RISCOS ASOCIADOS

Real Decreto 1514/2009, do 2 de outubro, polo que se regula a protección das augas subterráneas contra a contaminación e a deterioración (BOE 22/10/2009).

Este Real Decreto ten por obxectivo establecer criterios e medidas para previr e controlar a contaminación das augas subterráneas, criterios e

procedemento para avaliar o estado químico das augas subterráneas, criterios para determinar o aumento das concentracións dos contaminantes detectados en masas de auga subterránea e medidas destinadas a previr ou limitar a entrada de contaminantes nas augas subterráneas e evitar a deterioración do estado de todas as masas de auga subterránea.

Real Decreto 1620/2007, do 7 de decembro, polo que se establece o réxime xurídico da reutilización das augas depuradas (BOE 8/12/2007).
Este Real Decreto ten por obxectivo establecer o réxime xurídico para a reutilización das augas depuradas.

Real Decreto 1341/2007, do 11 de outubro, sobre a xestión da calidade das augas de baño (BOE 26/11/2007).
Este Real Decreto ten por obxectivo establecer os criterios sanitarios que deben cumprir as augas de baño, para garantir a súa calidade co fin de protexer a saúde humana dos efectos adversos derivados de calquera tipo de contaminación, conservar, protexer e mellorar a calidade do medio e establecer disposicións mínimas para o control, a clasificación, as medidas de xestión e a subministración de información ao público sobre a calidade das zonas de augas de baño.

Real Decreto 907/2007, de 6 xullo polo que se aproba o Regulamento de planificación hidrolóxica (BOE 7/7/2007). Desenvolvido por Orde ARM/2656/2008 que aproba a Instrución de planificación hidrolóxica.
A planificación hidrolóxica terá por obxectivos xerais conseguir o bo estado e a adecuada protección do dominio público hidráulico, a satisfacción das demandas de auga, o equilibrio e harmonización do desenvolvemento rexional e sectorial, incrementando as dispoñibilidades do recurso, protexendo a súa calidade, economizando o seu emprego e racionalizando os seus usos en harmonía co medio e os demais recursos naturais.

Real Decreto Legislativo 1/2001, do 20 de xullo, polo que se aproba o texto refundido da Lei de augas (BOE 24/7/2001).
É o obxectivo desta Lei a regulación do dominio público hidráulico, do uso da

auga e do exercicio das competencias atribuídas ao Estado nas materias relacionadas co devandito dominio. É tamén obxectivo desta Lei o establecemento das normas básicas de protección das augas continentais, costeiras e de transición, sen prexuízo da súa cualificación xurídica e da lexislación específica que lles sexa de aplicación.

Real Decreto 261/1996, de 16 de febreiro, sobre protección das augas contra a contaminación producida polos nitratos procedentes de fontes agrarias (BOE n.º 61 de 11/3/1996).
Ten por obxectivo establecer as medidas necesarias para previr e corrixir a contaminación das augas continentais e litorais, causada polos nitratos de orixe agraria.

Real Decreto 849/1986, do 11 de abril, polo que se aproba o Regulamento do dominio público hidráulico que desenvolve os títulos preliminares, I, IV, V, VI, VII e VIII do texto refundido da Lei de augas, aprobado polo Real Decreto Legislativo 1/2001, do 20 de xullo.

ENERXÍA

Lei 34/1998, de 7 de outubro do sector de hidrocarburos (BOE 8/10/1998).
Esta lei ten por obxectivo regular o réxime xurídico das actividades relativas aos hidrocarburos líquidos e gasosos.

Lei 54/1997, de 27 de novembro do sector eléctrico (BOE 28/11/1997).
A presente Lei regula as actividades destinadas á subministración de enerxía eléctrica, consistentes na súa xeración, transporte, distribución, servizos de recarga enerxética, comercialización e intercambios intracomunitarios e internacionais, así como a xestión económica e técnica do sistema eléctrico.

MOBILIDADE E INFRAESTRUTURAS

Orde FOM/2230/2005, do 6 de xullo, pola que se reduce a liña límite de edificación nos tramos das liñas da rede ferroviaria de interese xeral que discorran por zonas urbanas (BOE 12/7/2005).

Lei 39/2003, do 17 de novembro, do Sector ferroviario (BOE 18/11/2003). Real Decreto 2387/2004, do 30 de decembro, polo que se aproba o Regulamento do sector ferroviario (BOE 31/12/2004).

O obxectivo desta Lei é a regulación, no ámbito da competencia do Estado, das infraestruturas ferroviarias e da prestación de servizos de transporte ferroviario e outros adicionais, complementarios ou auxiliares sobre aquelas.

Orde de 16 de decembro de 1997 pola que se regulan os accesos ás estradas do Estado, as vías de servizo e a construción de instalacións de servizos. Orde FOM/392/2006, de 14 de febreiro, de modificación parcial da Orde de 16 de decembro de 1997. Orde FOM/1740/2006, do 24 de maio, pola que se modifica a Orde do Ministerio de Fomento do 16 de decembro de 1997 (BOE 6/6/2006).

Lei 25/1988, do 29 de xullo, de Estradas (BOE 30/7/1988). Real Decreto 1231/2003, do 26 de setembro, polo que se modifica a nomenclatura e o catálogo das autoestradas e autovías da Rede de estradas do Estado (BOE 30/9/2003). Real Decreto 1812/1994, do 2 de setembro, polo que se aproba o Regulamento xeral de estradas.

É o obxectivo da presente Lei a regulación da planificación, proxección, construción, conservación, financiamento, uso e explotación das estradas estatais.

Lei 16/1987, do 30 de xullo, de Ordenación dos transportes terrestres (BOE 31/7/1987). Real Decreto 1211/1990, do 28 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei de ordenación dos transportes terrestres (BOE 8/10/1990). *A organización e funcionamento do sistema de transportes axustarase aos seguintes principios: o establecemento e mantemento dun sistema común de transporte en todo o Estado, a satisfacción das necesidades da comunidade co máximo grao de eficacia e co mínimo custo social, e o mantemento da unidade de mercado en todo o territorio español.*

SOCIOECONOMÍA

Lei 50/1985, de 27 de decembro, de Incentivos rexionais para a corrección de desequilibrios económicos interterritoriais. Real Decreto 899/2007, de 6

de xullo, polo que se aproba o Regulamento dos incentivos rexionais, de desenvolvemento da Lei 50/1985, de 27 de decembro.

Regula as axudas financeiras que concede o Estado para fomentar a actividade empresarial e orientar a súa localización cara a zonas previamente determinadas, co obxectivo de reducir as diferenzas de situación económica no territorio nacional, repartir máis equilibradamente as actividades económicas sobre el e reforzar o potencial de desenvolvemento endógeno das rexións.

ATMOSFERA E CAMBIO CLIMÁTICO

Lei 34/2007, do 15 de novembro, de calidade do aire e protección da atmosfera (BOE 16/11/2007).

Lei que establece as bases en materia de prevención, vixilancia e redución da contaminación atmosférica co fin de evitar ou minorar os danos que desta poidan derivarse para as persoas, o medio e demais bens de calquera natureza.

Lei 1/2005, de 9 de marzo, pola que se regula o réxime do comercio de dereitos de emisión de gases de efecto invernadoiro (BOE n.º 59 de 10/3/2005). *Esta Lei ten por obxectivo a transposición da Directiva 2003/87/CE, co fin de establecer un réxime para o comercio de dereitos de emisión de gases de efecto invernadoiro, para fomentar reducións das emisións destes gases dunha forma eficaz e de xeito economicamente eficiente.*

Real Decreto 1073/2002, de 18 de outubro, sobre avaliación e xestión da calidade do aire ambiente en relación co dióxido de xofre, dióxido de nitróxeno, óxidos de nitróxeno, partículas, chumbo, benceno e monóxido de carbono (BOE n.º 260 de 30/10/2002).

O obxectivo é mellorar a calidade do aire. Establécense novos valores límite e, no seu caso, de alerta, sobre as emisións contaminantes máis presentes nas zonas urbanas, e fíxanse métodos de medición, avaliación e comunicación de datos máis compatibles cos existentes na Unión Europea para proporcionar mellor información ao público.

CONTAMINACIÓN

Real Decreto 9/2005, do 14 de xaneiro, polo que se establece a relación de actividades potencialmente contaminantes de solo e os criterios e estándares para a declaración de solos contaminados (BOE n.º 15 de 18/1/2005).
Este Real Decreto ten por obxectivo establecer unha relación de actividades susceptibles de causar contaminación no solo, así como adoptar criterios e estándares para a declaración de solos contaminados.

Lei 16/2002, do 1 de xullo, de prevención e control integrado da contaminación (BOE n.º 157 de 2/7/2002), modificada pola Lei 1/2005, pola que se regula o réxime de comercio de dereitos de emisión de gases de efecto invernadoiro.

Norma que ten por obxectivo evitar, reducir e controlar a contaminación da atmosfera, da auga e do solo orixinada por certas actividades.

RESIDUOS

Real Decreto 975/2009, de 12 de xuño, sobre a xestión dos residuos das industrias extractivas e de protección e rehabilitación do espazo afectado por actividades mineiras (BOE n.º 143 de 13/6/2009).

Real Decreto 105/2008, de 1 de febreiro, polo que se regula a produción e xestión dos residuos de construción e demolición (BOE n.º 38 de 13/2/2008).

Establece o réxime xurídico da produción e xestión dos residuos de construción e demolición, co fin de fomentar, por esta orde, a súa prevención, reutilización, reciclaxe e outras formas de valorización, asegurando que os destinados a operacións de eliminación reciban un tratamento adecuado, e contribuír a un desenvolvemento sostible da actividade de construción.

Real Decreto 106/2008, de 1 de febreiro, sobre pilas e acumuladores e a xestión ambiental dos seus residuos (BOE n.º 27 de 12/2/2008).

Este Real Decreto ten por obxectivo previr a xeración de residuos de pilas e acumuladores, facilitar a súa recollida selectiva e o seu correcto tratamento e reciclaxe, establecer normas relativas á posta no mercado de pilas, acumuladores e baterías e establecer normas específicas para a recollida, tratamento, reciclaxe e eliminación dos residuos de pilas e acumuladores.

Lei 10/1998, de 21 de abril, de Residuos (BOE n.º 96 de 22/4/1998).

Esta Lei ten por obxectivo previr a produción de residuos, establecer o réxime xurídico da súa produción e xestión e fomentar, por esta orde, a súa redución, reutilización, reciclaxe e outras formas de valorización, así como regular os solos contaminados, coa finalidade de protexer o medio e a saúde das persoas.

AEROPORTOS

Orde FOM/926/2005, de 21 de marzo (BOE n.º 88, de 13 de abril), pola que se regula a revisión das pegadas de ruído dos aeroportos de interese xeral.

Orde FOM/581/2004, de 1 de marzo, pola que se modifica a definición numérica das coordenadas que delimitan a zona de servizo do aeroporto da Coruña.

Real Decreto 1541/2003, de 5 decembro (BOE 19/12/2003), polo que se modifica o Decreto 584/72, de 24 de febreiro, de servidumes aeronáuticas, e o Decreto 1844/75, de 10 de xullo, de servidumes aeronáuticas en heliportos, para regular excepcións aos límites establecidos polas superficies limitadoras de obstáculos ao redor de aeroportos e heliportos.

Orde do Ministerio de Fomento de 5 de setembro de 2001 pola que é aprobado o Plan Director do Aeroporto de Santiago (BOE n.º 220, de 13 de setembro).

Disposicións adicional terceira e transitoria terceira da Lei 37/2003 de Ruído, de 17 de novembro (BOE n.º 276, de 18 de novembro).

Lei 21/2003, de 7 de xullo, de Seguridade aérea (BOE n.º 162 de 8 de xullo).

Orde do Ministerio de Fomento de 31 de xullo de 2001 pola que é aprobado o Plan director do aeroporto de Vigo (BOE n.º 220, de 13 de setembro).

Real Decreto 2591/1998, de 4 de decembro, de Ordenación dos aeroportos de interese xeral e a súa zona de servizo (BOE n.º 292, de 7 de decembro).

Lei 13/1996, de 30 de decembro, de Medidas fiscais, administrativas e de orde social (BOE n.º 315, de 31 de decembro), (artigo 166).

Real Decreto 374/1996, de 23 de febreiro, polo que se modifican as servidumes aeronáuticas do aeroporto da Coruña (BOE n.º 64, de 14 de marzo).

Real Decreto 799/1991, de 22 de maio, polo que se establecen as novas servidumes aeronáuticas do aeroporto de Santiago (BOE n.º 122).

Real Decreto 2278/1986, de 25 de setembro, polo que se establecen as novas servidumes aeronáuticas do aeroporto de Vigo (BOE n.º 261, de 31 de outubro, con corrección de erros no BOE n.º 288, de 2 de decembro).

Decreto 1844/1975, de 10 de xullo, de servidumes aeronáuticas en aeroportos e heliportos (BOE 11 agosto 1975).

Decreto 584/72, de 24 de febreiro (BOE n.º 69, de 21 de marzo) de servidumes aeronáuticas, modificado polo Decreto 2490/74, de 9 de agosto (BOE n.º 218, de 11 de setembro) e por Real Decreto 1541/2003, de 5 de decembro (BOE n.º 303, de 19 de decembro).

Lei 48/60, de 21 de xullo (BOE n.º 176, de 23 de xullo) sobre Navegación aérea, modificada pola Lei 55/99 sobre Medidas fiscais, administrativas e de orde social, de 29 de decembro (BOE n.º 312, de 30 de decembro).

OUTROS

Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común (BOE n.º 285/1992, 27/11/1992). Modificada pola Lei 4/1999 (BOE n.º 12, 14/1/1999) e pola Lei 24/2001 (BOE n.º 313, 31/12/2001).

MARCO AUTONÓMICO

MEDIO E ORDENACIÓN DO TERRITORIO

Lei 18/2008, de 29 decembro, de vivenda de Galicia 2008 (DOG 20/1/2009, BOE 17/3/2009).

A presente Lei ten por obxectivo a regulación do dereito á vivenda na Comunidade Autónoma de Galicia. Regula o proceso construtivo das edificacións destinadas, principalmente, a vivenda.

Lei 14/2008, de 3 decembro, do Turismo de Galicia 2008 (DOG 19/12/2008, BOE 16/3/2009).

Esta Lei ten por obxectivo a ordenación do sector turístico galego, así como o establecemento dos principios básicos en materia de planificación, promoción e fomento do turismo.

Decreto 133/2008, do 12 de xuño, polo que se regula a avaliación de incidencia ambiental (DOG 1/7/2008).

É obxectivo deste Decreto a regulación do procedemento de avaliación de incidencia ambiental.

Lei 3/2008, de 23 maio, de Minaría de Galicia (DOG 6/6/2008, BOE 9/7/2008). Desenvolvida por Resolución de 22 de decembro de 2008 (DOG 29/1/2009; rect. DOG 9/2/2009).

A presente Lei ten por obxectivo o desenvolvemento do réxime xurídico das actividades mineiras en Galicia en condicións de sustentabilidade e seguridade promovendo un aproveitamento racional compatible coa protección do medio.

Decreto 74/2006, do 30 de marzo, polo que se regula o Consello galego de medio e desenvolvemento sostible (BOE 3/5/2006). Decreto 387/2009, do 24 de setembro, polo que se modifica o Decreto 74/2006, do 30 de marzo, polo que se regula o Consello galego de medio e desenvolvemento sostible (DOG 25/9/2009). Decreto 137/2006, do 27 de xullo, polo que se modifica o Decreto 74/2006, do 30 de marzo, polo que se regula o Consello galego de medio e desenvolvemento sostible (DOG n.º 162 de 23/8/2006).

Decreto 208/2005, do 14 de xullo, sobre xestión e integración ambiental de ocós ocasionados por antigas actividades, con excedentes de terras e rochas procedentes de grandes obras (DOG 2/8/2005).
Este Decreto ten por obxectivo a regulación dos sobrantes totais de desmontes que iguallen ou superen estruturas, os cales deberán depositarse en ocós procedentes de obras, actividades ou explotacións, procedendo así mesmo á posterior integración ambiental dos devanditos ocós.

Decreto 158/2005, do 2 de xuño, de competencias autonómicas na zona de servidume de protección do dominio público marítimo-terrestre (DOG 16/6/2005).
Este Decreto ten por obxectivo regular a intervención da Comunidade Autónoma de Galicia na zona de servidume de protección do dominio público marítimo-terrestre.

Lei 9/2002, de 30 de decembro, de Ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia. Lei 15/2004, do 29 de decembro, de modificación da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de Ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia (DOG 31/12/2004). Lei 6/2007, de 11 de maio, de medidas urxentes en materia de ordenación do territorio e do litoral de Galicia. Lei 6/2008, do 19 de xuño, de medidas urxentes en materia de vivenda e solo, pola que se modifica á Lei 9/2002, do 30 de decembro, de Ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia (DOG 30/6/2008). Lei 2/2010, do 25 de marzo, de medidas urxentes de modificación da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de Ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia.
É o obxectivo da presente Lei a ordenación urbanística en todo o

territorio de Galicia, así como a regulación, ordenación e protección do medio rural, dos núcleos rurais de poboación que se sitúen nel e do patrimonio rural.

Decreto 79/2001, de 6 abril polo que se aproba o Regulamento da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural (DOG 20/4/2001).
Establécense as funcións de fomento e coordinación do desenvolvemento do territorio rural galego.

Decreto 80/2000, do 23 de marzo, polo que se regulan os plans e proxectos sectoriais de incidencia supramunicipal (DOG n.º 75 de 17/4/2000).
A través deste Decreto regúlanse a finalidade, o contido, a eficacia e o procedemento de aprobación dos plans e proxectos sectoriais.

Decreto 455/1996, do 7 de novembro, de fianzas en materia ambiental (DOG n.º 32 de 17/2/1997).
Desenvolver o modo, alcance, esixibilidade e executoriedade das posibles fianzas que poden ser esixidas polos órganos administrativos competentes, co obxectivo de garantir a eficacia das medidas correctoras medioambientais, que se poidan impor nas autorizacións que impliquen unha afección ambiental.

Lei 7/1996, de 10 xullo, de desenvolvemento comarcal de Galicia (DOG 19/7/1996, BOE 22/8/1996).
Establece o marco normativo para promover o desenvolvemento rural, a través dunha actuación territorial baseada na dinamización dos recursos endóxenos e as iniciativas locais.

Lei 10/1995, do 23 de novembro, de Ordenación do territorio de Galicia (DOG 5/12/1995).
A presente Lei ten como finalidade establecer os obxectivos fundamentais e crear os instrumentos necesarios para a coordinación da política territorial e a ordenación do espazo da Comunidade Autónoma de Galicia, co obxectivo de favorecer a utilización racional do territorio galego e protexer o medio natural, mellorar a calidade de vida e contribuír ao equilibrio territorial.

Lei 1/1995, de 2 de Xaneiro, de Protección Ambiental de Galicia (DOG n.º 29 de 10/2/1995, e corrección de erros DOG n.º 72 de 12/4/1995). Lei 2/1995, do 31 de marzo, pola que se dá nova redacción á disposición derogatoria única da Lei 1/1995, de Protección ambiental de Galicia (DOG n.º 72 de 12/4/1995). *A presente Lei ten como obxectivo o establecemento das normas que configuran o sistema de defensa, protección, conservación e restauración, no seu caso, do medio en Galicia e aseguran unha utilización racional dos recursos naturais.*

Decreto 327/1991 de avaliación de efectos ambientais para Galicia (DOG n.º 199 de 15/10/1991).

Decreto 442/1990, de Avaliación do impacto ambiental para Galicia (DOG n.º 188 de 25/9/1990).

Este Decreto ten por obxectivo regular a obriga de someter a avaliación do impacto ambiental os proxectos públicos e privados consistentes na realización de obras, instalacións ou calquera outra actividade comprendida no anexo deste Decreto, cando a súa realización ou autorización lle corresponde á administración da Xunta de Galicia.

Lei 10/1985, de 14 agosto, de concentración parcelaria de Galicia (DOG 22/8/1985, BOE 16/11/1985).

É o obxectivo da presente Lei dispor a concentración e ordenación das leiras rústicas.

NATUREZA, PAISAXE E PATRIMONIO

Decreto 232/2008, do 2 de outubro, sobre o Inventario xeral do patrimonio cultural de Galicia.

Este Decreto ten por obxectivo a regulación do Inventario xeral do patrimonio cultural de Galicia e do procedemento de inclusión de bens en dito inventario.

Lei 7/2008, de 7 de xullo de 2008, de protección da paisaxe de Galicia (DOG n.º 139 de 18/7/2008).

A presente Lei ten por obxectivo o recoñecemento xurídico, a protección, a

xestión e a ordenación da paisaxe de Galicia, co fin de preservar e ordenar todos os elementos que a configuran no marco do desenvolvemento sostible, entendendo que a paisaxe ten unha dimensión global de interese xeral para a comunidade galega, por canto transcende os campos ambientais, culturais, sociais e económicos.

Decreto 127/2008 polo que se desenvolve o réxime xurídico das zonas húmidas protexidas e se crea o Inventario de zonas húmidas de Galicia (DOG 25/6/2008), (corrección de erros de 30/6/2008).

Lei 7/2007, de 21 maio, de medidas administrativas e tributarias para a conservación da superficie agraria útil e do Banco de terras de Galicia (DOG 31/5/2007, BOE 18/7/2007.) Desenvolvida por Decreto 182/2007, de 6 setembro (DOG 1/10/2007).

Decreto 67/2007, do 22 de marzo, polo que se regula o Catálogo galego de árbores singulares (DOG 17/4/2007).

Lei 5/2006, do 30 de xuño, para a protección, conservación e mellora dos ríos galegos.

Esta Lei declara de interese xeral da Comunidade Autónoma de Galicia a conservación do patrimonio natural fluvial, incluíndo a biodiversidade da flora e a fauna dos ríos galegos, así como o patrimonio etnográfico e histórico-cultural relacionado.

Decreto 124/2005, do 6 de maio, polo que se regula a figura de Espazo natural de interese local e a figura do Espazo privado de interese natural (DOG 23/5/2005).

Este Decreto ten por obxectivo o desenvolvemento e execución da lexislación autonómica aplicable ás categorías de espazo natural protexido que se denominan Espazos naturais de interese local e Espazos privados de interese natural.

Resolución do 30 de abril de 2004, da Dirección xeral de conservación da natureza, pola que se dispón a publicación no DOG da cartografía onde se recollen

os límites dos espazos naturais declarados Zonas de especial protección dos valores naturais polo Decreto 72/2004, do 2 de abril (DOG 19/5/2004).

Decreto 72/2004 do 2 de abril, polo que se declaran determinados espazos como Zonas de especial protección dos valores naturais (DOG 12/4/2004).

Lei 9/2001, do 21 de agosto, de Conservación da natureza (BOE 25/9/2001). *Esta Lei ten por obxectivo establecer normas encamiñadas á protección, conservación, restauración e mellora dos recursos naturais e á adecuada xestión dos espazos naturais e da flora e fauna silvestres, ademais da xea da comunidade autónoma galega, á difusión dos seus valores, así como á súa preservación para as xeracións futuras.*

Decreto 45/2001, de 1 febreiro, de refundición da normativa en materia do Camiño de Santiago (DOG 20/2/2001). Modificado polo Decreto 209/2002, de 13 xuño (DOG 25/6/2002).

Orde do 28 de Outubro de 1999 para a declaración provisional das zonas propostas para á súa inclusión na rede europea Natura 2000, como espazos naturais en réxime de protección xeral (DOG 9/11/1999).

Decreto 199/1997, de 10 xullo, polo que se regula a actividade arqueolóxica de Galicia (DOG 6/8/1997).

Lei 3/1996 do 10 de maio, de protección dos Camiños de Santiago de Galicia (DOG 23/5/1996). *Ten por obxectivo a delimitación e regulación da conservación, uso e diferentes niveis de protección dos tramos dos camiños de Santiago que discorren por Galicia.*

Lei 8/1995 do 30 de outubro, do patrimonio cultural de Galicia (DOG 8/11/1995, BOE 1/12/1995). *A presente Lei ten por obxectivo a protección, a conservación, o*

acrecentamento, a difusión e o fomento do patrimonio cultural de Galicia, así como a súa investigación e transmisión a xeracións futuras.

Lei 13/1989, de 10 outubro, de montes veciñais en man común de Galicia (DOG 20/10/1989, BOE 9/2/1990).

CICLO HÍDRICO E RISCOS ASOCIADOS

Lei 5/2006, de 30 xuño, de protección, conservación e mellora de ríos galegos (DOG 17 de xullo de 2006).

Esta Lei declara prioridade de interese xeral da Comunidade Autónoma de Galicia a conservación do patrimonio natural fluvial, incluíndo a biodiversidade da flora e a fauna dos ríos galegos, así como o patrimonio etnográfico e histórico-cultural relacionado. Á súa vez, declara obrigación das administracións públicas galegas garantir a súa protección, conservación e mellora.

Lei 8/2001, do 2 de agosto, de protección da calidade das augas das rías de Galicia e de ordenación do servizo público de depuración de augas residuais urbanas (BOE de 25/9/2001).

Esta Lei pretende a protección da calidade das augas das rías de Galicia mediante o establecemento de obxectivos de calidade e de límites para a emisión de vertidos, así como a ordenación das actividades que poidesen resultar incompatibles coa dita protección, para as que a súa instalación requirirá unha especial atención ás esixencias ambientais.

Lei 5/1995, de 7 xuño, de augas minerais, termais, e de manancial e os establecementos balnearios (DOG 21/6/1995).

A presente Lei ten como obxectivo a regulación das augas minerais, termais e de manancial cuxo lugar de nacemento estea situado dentro do territorio da Comunidade Autónoma de Galicia, así como a regulación dos establecementos balnearios.

Lei 8/1993, de 23 xuño, de Administración hidráulica de Galicia (DOG 2/7/1993; rect. DOG 10/9/1993, BOE 18/8/1993).

Regúlase a organización da Administración hidráulica de Galicia para o exercicio daquelas competencias que haberán de referirse tanto ás augas dos recursos e aproveitamentos que discorren integramente polo territorio de Galicia como ás obras hidráulicas que se realicen nel.

ENERXÍA

Lei 8/2009, de 22 de decembro, pola que se regula o aproveitamento eólico en Galicia e se crean o Canon eólico e o Fondo de compensación ambiental (BOE n.º 30 de 4/2/2010).

Norma básica que regula o aproveitamento do vento para a produción de enerxía eléctrica na Comunidade Autónoma de Galicia.

MOBILIDADE E INFRAESTRUTURAS

Decreto 308/2003, do 26 de xuño, de relación de estradas de titularidade da Comunidade Autónoma de Galicia (DOG 21/7/2003).

Lei 6/1996, de 9 xullo, de coordinación dos servizos urbanos e interurbanos de Galicia (DOG 18/7/1996, BOE 22/8/1996).

O obxectivo da presente Lei é a coordinación dos servizos de transporte público urbano de viaxeiros cos servizos de transporte interurbanos.

Lei 5/1994, de 29 novembro, de creación do ente público Portos de Galicia (DOG 20/12/1994, BOE 31/1/1995). Desenvolvida por Decreto 227/1995, de 20 xullo (DOG 1/8/1995; rect. DOG 28/11/1995). Decreto 227/1995, de 20 xullo polo que se aproba o Regulamento do ente público Portos de Galicia (DOG 1/8/1995; rect. DOG 28/11/1995). Lei 6/1987, de 12 xuño polo que se aproba o Plan especial de portos de Galicia (DOG 26/6/1987, BOE 7/8/1987).

Lei 4/1994, do 14 de setembro, de Estradas de Galicia (DOG 31/10/1994, BOE 20/12/1994), (modificada pola Lei 7/2002, do 27 de decembro, de Medidas fiscais e de réxime administrativo).

É obxectivo da presente Lei a regulación da planificación, proxección,

construción, conservación, financiamento, uso e explotación das estradas con itinerario comprendido integramente no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia e que non sexan de titularidade do Estado.

ATMOSFERA E CAMBIO CLIMÁTICO

Lei 8/2002, do 18 de decembro, de protección do ambiente atmosférico de Galicia (DOG 31/12/2002, BOE 21/1/2003).

Esta Lei ten por obxectivo o establecemento, na Comunidade Autónoma de Galicia e dentro do marco das súas competencias, das normas, dos criterios e das técnicas de ordenación para manter un alto nivel de calidade do aire ambiente e melloralas, se é o caso, así como para previr, vixiar e reducir a contaminación atmosférica.

Real Decreto 1796/03 do 26 de decembro, relativo ao ozono no aire ambiente (DOG n.º 11 de 13/1/2004).

Este Real Decreto ten por obxectivo establecer obxectivos de calidade do aire e regular a súa avaliación, mantemento e mellora en relación co ozono troposférico, coa finalidade de evitar, previr ou reducir os seus efectos nocivos sobre a saúde humana e o medio.

CONTAMINACIÓN

Lei 16/2002 de 1 de xullo, de prevención e control integrados da contaminación (DOG n.º 157 de 2/7/2002).

Esta Lei ten por obxectivo evitar ou, cando iso non sexa posible, reducir e controlar a contaminación da atmosfera, da auga e do solo, mediante o establecemento dun sistema de prevención e control integrados da contaminación, co fin de alcanzar unha elevada protección do medio no seu conxunto.

RESIDUOS

Orde de 20 de xullo de 2009, pola que se regula a construción e a xestión dos vertedoiros no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia (DOG

n.º 168 de 27/8/2009).

Regula a eliminación de residuos mediante depósito en vertedoiros e restrinxir a vertedura de residuos. Ademais, procura que a vertedura que se teña que realizar se faga do xeito máis inocuo e seguro posible.

Orde de 20 de xullo de 2009, pola que se regulan os contidos dos estudos de minimización da produción de residuos que deben presentar os produtores de residuos de Galicia (DOG n.º 160 de 17/8/2009).

Fixa e unifica o contido que deben ter os estudos de minimización da produción de residuos das empresas produtoras de residuos en Galicia, intentando responder ademais á necesidade de articular un control efectivo sobre a súa redución real.

Lei 10/2008, do 3 de novembro, de residuos de Galicia (BOE 6/12/2008).

Esta Lei ten por obxectivo previr a produción de residuos, establecer o réxime xurídico da súa produción e xestión e fomentar, por esta orde, a súa redución, a súa reutilización, reciclaxe e outras formas de valorización, así como regular os solos contaminados, coa finalidade de protexer o ambiente e a saúde das persoas.

Lei 10/1997, de 22 de agosto, de residuos sólidos urbanos de Galicia (DOG n.º 180 de 18/9/1997).

Constitúe o obxectivo desta Lei establecer o réxime xurídico xeral e a regulación da xestión dos residuos sólidos urbanos no ámbito territorial da Comunidade Autónoma de Galicia e dentro do marco das competencias da Xunta de Galicia.

5.2. Planificación considerada

PLANIFICACIÓN XERAL NO EIDO EUROPEO

Estratexia territorial europea (ETE)

Constitúe un marco de orientación para as políticas sectoriais con repercusións territoriais da Comunidade e dos Estados membros, así como para as

autoridades rexionais e locais, co fin de acadar un desenvolvemento equilibrado e sustentable do territorio europeo. Os seus obxectivos fundamentais son a cohesión económica e social, a conservación e xestión dos recursos naturais e do patrimonio cultural e a competitividade máis equilibrada do territorio europeo.

VI Programa de acción en materia de medio

O programa establece as prioridades e obxectivos en materia de medio partindo dunha análise da situación ambiental da UE e as súas tendencias. Búscase a integración das cuestións ambientais en todas as políticas comunitarias e contribuír a acadar un desenvolvemento sustentable. Os ámbitos prioritarios seleccionados son o cambio climático, natureza e biodiversidade, saúde e calidade de vida e recursos naturais e residuos. A partir destes temas clave prevese a adopción de sete estratexias referidas á contaminación atmosférica, medio mariño, uso sustentable de recursos, prevención de residuos e reciclaxe, uso sustentable dos praguicidas, protección dos solos e ambiente urbano.

PLANIFICACIÓN XERAL NO EIDO ESTATAL

Estratexia de desenvolvemento sustentable

O principio xeral desta estratexia consiste en determinar as medidas que permitan mellorar continuamente a calidade de vida para as xeracións actuais e futuras mediante a creación de comunidades capaces de xestionar e utilizar os recursos de forma eficiente, garantindo a prosperidade, a protección do medio e a cohesión social. Estúdanse sete áreas prioritarias: cambio climático e enerxías, transporte, produción e consumo sustentables, retos para a saúde pública, xestión de recursos naturais, inclusión social, demografía e migración e loita contra a pobreza.

Estratexia española de cambio climático e enerxía limpa. Horizonte 2007-2012-2020

Esta estratexia forma parte da Estratexia española de desenvolvemento sustentable, abordando diferentes medidas no ámbito do cambio climático e a enerxía limpa. Por un lado preséntanse unha serie de políticas e medidas para

mitigar o cambio climático, paliar os seus efectos adversos e facer posible o cumprimento dos compromisos adquiridos co Protocolo de Kyoto. Por outro lado, propóñense medidas para a consecución de consumos enerxéticos compatibles co desenvolvemento sustentable, servindo de base para a planificación en materia enerxética das administracións públicas e demais entes públicos e privados e a contribución dos cidadáns á loita contra o cambio climático.

Plan nacional de adaptación ao cambio climático

Persegue a integración da adaptación ao cambio climático na planificación dos distintos sectores ou sistemas. Concíbese como un proceso continuo e acumulativo de xeración de coñecemento e creación e fortalecemento de capacidades para aplicarlos. No seu conxunto constitúe unha ferramenta para os responsables da toma de decisións relacionadas coa adaptación ao cambio climático.

Estudo estratéxico ambiental do litoral español para a instalación de parques eólicos mariños

Determina as zonas de dominio público marítimo terrestre que, só a efectos ambientais, reúnen condicións favorables para a instalación de parques eólicos mariños, establecendo unha clasificación de zonas aptas, zonas de exclusión e zonas con condicionantes.

Planificación dos sectores de gas e electricidade 2008-2016

Inclúense previsións sobre o comportamento futuro da demanda enerxética, dos recursos necesarios para satisfacela, a evolución das condicións de mercado para garantir o subministro e os criterios de protección ambiental. As anteditas proxeccións convértense nun instrumento esencial ao servizo de instancias administrativas e de operadores económicos que facilitan a toma de decisións de investimento por parte da iniciativa privada como das decisións de política enerxética.

Estratexia española de ambiente urbano

Realiza un diagnóstico particularizado das causas e tendencias que xustifican a necesidade de actuación en cada un dos ámbitos da estrutura urbana

abordados nela: urbanismo, mobilidade, edificación, xestión urbana e as relacións entre o mundo rural e urbano. En cada un deles establece uns obxectivos específicos cara aos que dirixir as actuacións.

Estratexia e plan forestal español

Estrutura as accións necesarias para o desenvolvemento dunha política forestal baseada nos principios de desenvolvemento sustentable, multifuncionalidade dos montes, contribución á cohesión territorial e a participación social.

Programa de desenvolvemento rural sustentable (2010-2014)

Este programa atópase regulado na Lei 45/2007, de 13 de decembro, para o desenvolvemento sustentable do medio rural, configurándose como o principal instrumento operativo da Lei. Identifica por períodos plurianuais (neste caso 2010-2014) os obxectivos nacionais de desenvolvemento rural sustentable, as zonas rurais de intervención, as medidas aplicables priorizadas, os sistemas de concerto entre as administracións competentes para a súa execución, os instrumentos de financiamento e o sistema de seguimento e avaliación. Asemade, establece as bases para o desenvolvemento dos plans de zona nos que se determinarán as accións sectoriais imprescindibles para acadar unhas zonas rurais sustentables.

Directrices para o tratamento do bordo costeiro

Considérase fundamental protexer a franxa litoral das fortes demandas ás que se ve sometida, toda vez que se trata dun espazo caracterizado pola súa alta sensibilidade e por presentar unha difícil recuperación do seu equilibrio físico. Deste xeito faise preciso acondicionar o bordo costeiro de xeito que sirva de barreira á expansión urbanística, protexendo os espazos públicos litorais e rehabilitando aqueles bordos especialmente degradados.

Plan nacional da calidade das augas: saneamento e depuración 2007-2015

Forma parte dun conxunto de medidas que persegue o definitivo cumprimento da Directiva 91/271/CEE relativa ao tratamento das augas residuais urbanas e que pretenden contribuír a alcanzar o obxectivo de bo estado

ecolóxico das masas de auga que a DMA propugna para o ano 2015. A súa aplicación faise a través de convenios con cada unha das comunidades e cidades autónomas, e é o Ministerio de Medio Ambiente e Medio Rural e Mariño o responsable da súa coordinación e impulso.

Plan nacional de reutilización de augas rexeneradas

Promove o cambio no enfoque tradicional da xestión dos recursos hídricos baseado na oferta por estratexias de xestión da demanda a través da promoción da reutilización de augas rexeneradas.

Plans hidrolóxicos de cunca (demarcacións hidrográficas Miño-Sil e Cantábrico)

Constitúen o instrumento técnico para o desenvolvemento e aplicación dos contidos da Directiva marco da auga e o Texto refundido da Lei de augas, establecendo o vínculo entre a situación actual e un futuro ordenado e lóxico onde haxa un aproveitamento racional dos recursos hídricos respectando as necesidades propias dos ecosistemas fluviais. Isto require dun coñecemento do territorio que vai máis aló das características puramente hidrolóxicas alcanzando diferentes variables como a calidade das augas, o contorno físico e o marco socio-económico.

Estratexia nacional de restauración de ríos

Xorde co propósito de conservar e recuperar o bo estado dos ríos, fomentar un uso racional, destacar os seus valores e beneficios, potenciar o seu patrimonio cultural e impulsar o desenvolvemento sustentable do medio rural. Todo iso en consonancia coa DMA e a Directiva de avaliación e xestión dos riscos de inundación.

Estratexia española de mobilidade sustentable

Pretende ser o marco estratéxico que recolla liñas directrices e un conxunto de medidas nas áreas prioritarias de actuación. Contén propostas que poderán ser adoptadas polas administracións, empresas, institucións e cidadanía en xeral de cara a propiciar o cambio no modelo actual de mobilidade facéndoo máis eficiente e sustentable e contribuíndo á redución dos seus impactos, como a redución dos gases efecto invernadoiro.

Plan estratéxico de infraestruturas e transporte (PEIT) 2005-2020

Define as directrices básicas de actuación en infraestruturas e transporte de competencia estatal cun horizonte a medio e longo prazo co obxectivo de configurar un marco global e coherente que garanta a estabilidade desta política. Os obxectivos estrutúranse sobre catro ámbitos: mellora da eficiencia do sistema, fortalecemento da cohesión social e territorial, cumprimento de compromisos internacionais en materia ambiental, especialmente no tocante ás emisións de gases efecto invernadoiro, e impulso do desenvolvemento económico e a competitividade. A súa posta en marcha artículase mediante unha serie de plans que deben contribuír á consecución dos obxectivos e directrices marcados no PEIT e axustarse ás esixencias da normativa aplicable, incluída a realización da avaliación ambiental estratéxica. Entre os plans que se atopan en fase inicial de elaboración destacan o de transporte en estrada, intermodal do sistema de transporte de mercadorías e intermodal do sistema de transporte de viaxeiros. Nunha fase máis avanzada atópanse o plan sectorial de estradas e o plan sectorial de ferrocarrís.

Plan sectorial de estradas

Define a Rede básica en coordinación cos plans sectoriais e territoriais das comunidades autónomas, estruturándose en cinco programas dirixidos ás vías de altas prestacións, ao acondicionamento da rede convencional, ás variantes de poboación e acondicionamento de travesías e cesións, á intermodalidade e á conservación e explotación da rede. Asemade inclúe un estudo da accesibilidade e os efectos económico-sociais e de seguridade do plan.

Plan sectorial de ferrocarrís

Establece as actuacións en materia de infraestruturas e instalacións ferroviarias para o período 2005-2012, estruturándose nunha serie de programas de investimento dirixidos aos corredores de altas prestacións, á interoperatividade da rede convencional, seguridade e mantemento e integración ambiental do ferrocarril.

Plan de utilización dos espazos portuarios de Vigo

Establece os usos previstos para cada unha das diferentes zonas do porto,

así como a xustificación da necesidade ou conveniencia de tales usos, segundo criterios transparentes, obxectivos, non discriminatorios e de fomento da libre competencia na prestación dos servizos.

Plan director do aeroporto de Vigo

Ten por obxectivo a delimitación da zona de servizo, coa inclusión dos espazos de reserva que garantan o desenvolvemento e expansión do aeroporto e a determinación das actividades aeroportuarias o complementarias que se deben desenvolver nas distintas zonas comprendidas no recinto do aeroporto e a súa zona de servizo.

Plan nacional integrado de residuos (PNIR)

Entre os seus obxectivos xerais están o de modificar a tendencia actual de crecemento da xeración de residuos, erradicar as verteduras ilegais, diminuír as verteduras e fomentar a prevención e a reutilización, a reciclaxe da fracción reciclable, así como outras formas de valorización da fracción non reciclable, ademais de completar as infraestruturas de tratamento e mellorar o funcionamento das instalacións existentes e obter estatísticas fiables en materia de infraestruturas, empresas xestoras e produción e xestión de residuos.

Plan estratéxico do patrimonio natural e da biodiversidade

Pretende establecer e definir obxectivos, accións e criterios para promover a conservación, uso sustentable e, no seu caso, a restauración do patrimonio, así como os recursos naturais terrestres e mariños, biodiversidade e xeodiversidade. A partir dun diagnóstico da situación e da evolución do patrimonio natural, biodiversidade e xeodiversidade estableceranse os obxectivos cualitativos e cuantitativos para alcanzar durante o seu período de vixencia.

Estratexia española de calidade do aire

Ten por obxectivo avanzar de cara á meta sinalada no VI Programa de acción en materia de ambiente. Trátase dunha estratexia que persegue satisfacer os obxectivos de calidade comunitarios e ao mesmo tempo posibilitar o cumprimento dos compromisos asumidos nos protocolos do Convenio de Xenebra sobre contaminación transfronteiriza a longa distancia.

PLANIFICACIÓN XERAL NO EIDO AUTONÓMICO

Plan de ordenación do litoral

Ten por obxectivo establecer os criterios, principios e normas xerais para unha ordenación urbanística da zona litoral baseada en criterios de perdurabilidade e sustentabilidade, así como a normativa necesaria para garantir a conservación, protección e valorización das zonas costeiras.

Plan Move

O Plan Move (Mobilidade e Ordenación Viaria Estratéxica) non é un plan de infraestruturas, é un plan de mobilidade que establece as orientacións estratéxicas en materia de infraestruturas de transporte coa finalidade de facilitar a mobilidade das persoas e o acceso aos mercados, contribuíndo deste xeito á mellora da competitividade da economía e ao benestar dos cidadáns.

Plans de residuos: urbanos, sanitarios, industriais e agrícolas

A planificación en materia de residuos persegue os obxectivos de prevención e reciclaxe, redimensionar adecuadamente as instalacións de tratamento, así como organizar a xestión territorial para dar unha resposta eficaz á produción de residuos. Dita resposta deberá ter en conta os aspectos técnicos pero tamén os de conciencia cidadá coa mobilización de todos os instrumentos de divulgación que iso supón.

Programa marco galego fronte ao cambio climático

Persegue o obxectivo xeral de actuar fronte ao cambio climático desde a Comunidade Autónoma de Galicia nun horizonte temporal inmediato e futuro. Dito obxectivo lograrase mediante o cumprimento de metas máis concretas para desenvolver dentro dos seguintes ámbitos: a adaptación aos efectos previsibles do cambio climático, a redución de emisións de gases de efecto invernadoiro e a formación e concienciación da cidadanía en materia de cambio climático.

Plan de abastecemento

O obxectivo principal é o de garantir as necesidades actuais e futuras de abastecemento de auga potable a todos os núcleos de poboación superior

a 50 habitantes, a través de actuacións orientadas fundamentalmente á planificación das novas infraestruturas necesarias para o subministro de auga con alta garantía en cantidade e calidade, conxuntamente co establecemento de medidas dirixidas a unha xestión máis eficaz e eficiente dos recursos hídricos e dos sistemas de abastecemento.

Plan de saneamento 2008-2015

Este plan pretende planificar e dar solución á depuración de augas en todas aquelas entidades de poboación de máis de 50 hab. que non teñan resolto o seu saneamento, así como eliminar todos os puntos de verteduras, planificar os tratamentos necesarios das augas residuais para cumprir os obxectivos de calidade marcados pola lexislación vixente, e procesar axeitadamente a información recollida co fin de xestionar as actuacións futuras.

Plan sectorial hidroeléctrico das concas hidrográficas de Galicia costa

O obxectivo do Plan é o ordenamento da instalación de aproveitamentos hidroeléctricos aos que Augas de Galicia outorgue, ou aos que teña outorgado, as correspondentes concesións, simplificando todo o posible os trámites necesarios para a obtención das autorizacións administrativas necesarias, tanto no ámbito autonómico como municipal.

Plan hidrolóxico Galicia costa

Este planeamento pretende sentar as bases para unha progresiva adaptación ás novas políticas ambientais e de desenvolvemento sustentable, integrando o crecemento a medio e longo prazo co uso sustentable da auga.

Plan de solo empresarial da Comunidade Autónoma de Galicia

Está dirixido a planificar e administrar de forma racional o solo industrial de Galicia, co obxectivo de axustar a dispoñibilidade de solo á demanda existente e ás condicións do mercado. A planificación pretende animar a economía e ampliar as posibilidades de axuda aos emprendedores, pero tamén extremar as cautelas no emprego de fondos públicos, tratando de

conxugar eficacia e eficiencia na procura da maior rendibilidade. O plan establecerá as condicións xerais para o futuro desenvolvemento dos parques empresariais na rexión, favorecendo a súa función vertebradora da política territorial, definindo os criterios de deseño e as características funcionais e de localización.

Plan sectorial do solo con destino a vivenda protexida

Con este planeamento a Consellería de Vivenda ten como obxectivo a procura de reservas de solo destinadas á promoción de vivenda protexida en toda Galicia. A realización do Plan obedece á necesidade de asegurar e garantir o acceso á vivenda protexida á poboación que non pode acceder ao mercado de vivenda libre, complementando a oferta de vivenda protexida dos concellos.

Plan galego de acuicultura

Este plan pretende ordenar o uso do litoral galego para as actividades acuícolas e regular o crecemento da acuicultura mariña desenvolvida en terra. O obxectivo é determinar as condicións xerais para o futuro desenvolvemento dun conxunto de instalacións de acuicultura mariña, das que se pretende unha función estimulante da reactivación económica das áreas implicadas.

Plan de ordenación dos cultivos na zona marítima

Proxecto de ordenación integral da zona marítima destinada ao desenvolvemento da acuicultura mediante a delimitación e caracterización das zonas aptas para os cultivos mariños e outras actividades relacionadas con eles, tales como o reparqueo e reinstalación, así como a determinación das especies permitidas, compatibles e prohibidas.

Plan director das instalacións náutico-deportivas dependentes do ente público Portos de Galicia

Os obxectivos céntranse en aumentar o número de usuarios e transeúntes nos portos, potenciar a náutica popular, integrar a xestión ambiental e a

calidade na explotación portuaria e conseguir portos autofinanciados e competitivos. En relación con eles, establece unhas directrices coa finalidade de que o incremento na demanda e a consecuente ampliación ou aumento no número das instalacións náutico-deportivas se faga de forma ordenada, contribuíndo ao desenvolvemento sustentable.

Plan director de conservación de Rede natura 2000

O plan, ademais dos obxectivos propios de conservación, ten entre os seus obxectivos garantir o mantemento das actividades tradicionais promovendo a sostibilidade das accións, dar seguridade a empresarios e promotores, e fomentar o coñecemento, o uso público, o turismo de natureza e a potenciación destas áreas de gran valor natural e paisaxístico con actividades alternativas de desenvolvemento socioeconómico.

Plan galego de ordenación dos recursos piscícolas e ecosistemas acuáticos continentais

Son obxectivos deste plan incrementar e mellorar a situación de deterioración dos recursos piscícolas e dos ecosistemas das augas continentais galegas, incrementar o valor recreativo da pesca a través da diversificación e aumento da calidade da oferta, conseguindo paralelamente que aumente a súa importancia como actividade dinamizadora do desenvolvemento económico en zonas rurais, e finalmente adecuar os medios da administración ás esixencias dunha maior dispoñibilidade de información e á necesidade de novas técnicas de xestión.

Plan enerxético estratéxico 2010-2015

Pretende atender as necesidades de enerxía da cidadanía e do sistema produtivo, optimizar o seu consumo, reducir o impacto ambiental da súa xeración, transporte e distribución, incrementar a competitividade empresarial, prever as necesidades futuras e planificar o seu abastecemento.

Plan sectorial eólico de Galicia

Os obxectivos deste plan son: recortar a dependencia enerxética do exterior

coa diversificación das fontes de enerxía a través dun maior aproveitamento dos recursos autóctonos, contribuír á redución das emisións de CO₂ cara á consecución dos obxectivos de Kyoto, e promover o desenvolvemento económico e social, en particular daquelas zonas onde estes recursos son abondosos no marco dun desenvolvemento sustentable.

Programa de desenvolvemento rural de Galicia 2007-2013

A estratexia de desenvolvemento rural adoptada por este programa pretende facer fronte aos retos de emprego, crecemento e competitividade, xirando ao redor de tres ámbitos fundamentais de actuación: mellora da competitividade agraria mediante a reestruturación, o desenvolvemento do potencial humano e físico e a innovación; mellora do medio e do contorno natural, a través de axudas á xestión das explotacións; e mellora da calidade de vida e a economía nas zonas rurais mediante a diversificación das actividades e mellora dos servizos básicos.

Plans de conservación e recuperación das especies obxecto de xestión e dos hábitats en perigo de desaparición, Plans de ordenación dos recursos naturais e Plans reitores de uso e xestión

Tivéronse en conta os diversos plans derivados da normativa de conservación do patrimonio natural e da biodiversidade.

Os obxectivos xerais dos Plans de ordenación dos recursos naturais son adecuar a xestión dos espazos naturais protexidos aos principios inspiradores da normativa protectora que detalla outros obxectivos, alcance e contidos. Son o instrumento específico para a delimitación, tipificación, integración en rede e determinación da súa relación co resto do territorio, dos sistemas que integran o patrimonio e os recursos naturais dun determinado ámbito espacial.

Os Plans reitores de uso e xestión fixan as normas xerais de uso e xestión dos parques, prevalecendo sobre o planeamento urbanístico.

Os Plans de conservación e recuperación das especies obxecto de xestión establecen as medidas máis axeitadas para o cumprimento dos obxectivos buscados e a designación de áreas críticas, e fixan medidas de conservación e xestión.